

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D^a. María Ramallo Vázquez

SECRETARÍA XERAL
Expt: 2022-SU170-076

Con data 2 de decembro de 2024, pola arquitecta da Oficina Municipal de Rehabilitación emitíuse informe-proposta, conformado co visto e prace do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Facenda, sinalando a conveniencia de efectuar unha modificación das bases reguladoras das axudas no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada – ERRP – Casco Vello e Barrio da Banda do río Lameira. No referido informe formulábase a seguinte proposta:

1. **"Solicitar ao órgano municipal competente a modificación das bases reguladoras aquí referidas en todo o que afecte á anulación dos dous Regulamentos (UE), o n° 2023/2831 da Comisión, do 15 de decembro de 2023 e o n° 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, segundo texto e anexos adxuntos a este informe, cuxos cambios se resumen na seguinte táboa:**

TEXTO BASES E CONVOCATORIA	ANEXOS CONVOCATORIA
Artigo 2. Bases reguladoras	Anexo I. Solicitud oficial
Artigo 4. Persoas e entidades beneficiarias	Anexo III. Comprobación de datos das persoas e entidades partícipes nas obras e interesadas na subvención
Artigo 9. Prazo de presentación das solicitudes	Anexo X. Comunicación do remate das actuacións
Artigo 10. Solicitudes	

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800159C890002077D4J0P7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 09/12/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 09/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 11:59:02	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



2. *Dar traslado, unha vez aprobada a modificación das bases reguladoras referida no apartado anterior, á Base de Datos Nacional de Subvencións do novo texto e anexos, efectuando as correccións solicitadas no correo electrónico recibido con data 29.10.2024, tal e como se recolle nos antecedentes deste informe.”*

Con data 3 de decembro de 2024, emitíuse informe xurídico polo secretario accidental da Corporación, en sentido favorable ás bases reguladoras das axudas, por ter o contido establecido no artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 23.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións, no cal se indicaba que estas debían ser aprobadas pola Alcaldía, previo ditame da comisión informativa de Facenda, tal e como dispón o art. 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Marín, publicada no BOPPO núm. 62, do 1 abril 2005.

Con data 4 de decembro de 2024, pola interventora municipal emitíuse informe na que se fiscaliza a proposta de aprobación das bases reguladoras e convocatoria.

Na súa sesión ordinaria do día 4 de decembro de 2024, a comisión informativa de Urbanismo e Facenda, ditaminou favorablemente a modificación das bases reguladoras das axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de Barrio no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada do “Casco Vello e Barrio da Banda do Río Lameira” incluídas no PRTR-NextGenerationEU.

Á vista delo, esta Alcaldía, no exercicio das súas atribucións, **RESOLVE**,

Primeiro.- Aprobar a modificación das bases reguladoras e abrir a convocatoria no exercicio 2024 para a concesión, por concorrencia non competitiva, das axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de Barrio no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada do “Casco Vello e Barrio da Banda do Río Lameira” incluídas no PRTR-NextGenerationEU.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800159C8900O2O7T7D4J0P7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 09/12/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 09/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 11:59:02	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Segundo.- Financiar a presente convocatoria axustándose ao previsto no RD 853/2021 e segundo o establecido no Acordo N° 28 da Comisión Bilateral celebrada o 11 de maio de 2023 entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma e o Concello de Marín, con cargo á anualidade 2022 e por un importe total de 193.580,00 €.

Terceiro.- Significar expresamente que a aprobación da modificación destas bases e convocatoria non supón compromiso de gasto ningún con cargo a recursos propios, quedando condicionada a concesión das axudas á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Cuarto.- Ordenar a remisión á Base de Datos Nacional de Subvencións, a través da web habilitada pola IGAE, da documentación necesaria para a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para dar cumprimento ao sinalado no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como a publicación da presente convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, de conformidade co artigo 8.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Marín, (BOP n° 62 do 01/04/05), e na Sede Electrónica municipal.

Quinto.- Conceder de prazo ata o 30 de decembro de 2024, a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para que as persoas e entidades interesadas presenten as novas solicitudes. Serán admitidas a trámite as solicitudes xa presentadas sempre e cando sigan cumprindo cos requisitos establecidos nas bases reguladoras modificadas, tal e como se recolle no artigo 9 das mesmas.

As novas solicitudes e demais documentación necesaria para a concesión destas axudas axustaranse estritamente ao disposto nas presentes bases e convocatoria modificadas.

Así o dispón a señora Alcaldesa do esta Secretaría dá fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800159C8900O2O7T7D4J0P7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 09/12/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 09/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 11:59:02	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

